

O GALEGO NA IDADE MEDIA

A. CONTEXTO HISTÓRICO-SOCIAL

“Idade Media” é un concepto que designa o período comprendido entre a caída do Imperio Romano (s.V) e a caída do Imperio Bizantino (s. XV). Agora ben, ao falar de lingua tomamos como punto de partida os séculos VIII-IX posto que é o momento no que o galego xa se atopa plenamente diferenciado do latín.

B. Características da sociedade feudal da Galicia medieval

1. Economía predominantemente agrícola e mariñeira. Actividade comercial e artesanal centrada sobre todo nas cidades, nestas destaca a organización en gremios dos barrios.
2. Ríxida estrutura social que fomenta as desigualdades. Existencia dunha sociedade estamental dividida en: *bellatores* (nobreza); *oratores*(clero); *laboratores* (campesinado, mariñeiros); *incipiente burguesía* (centrada nas cidades).
3. Proceso de progresiva acumulación de poder en mans dos monarcas en detrimento do poder señorial. Este poder continuará en aumento ata a chegada da monarquía absolutista desde o s. XVI ata a Revolución Francesa.
4. Sucesión de períodos nos que Galicia se constitúe e funciona como reino independente e períodos en que se integra ou é anexionada no reino astur-leonés. O derradeiro tramo histórico con rei exclusivamente galego sitúase no s. XI e a separación administrativa entre Galicia e Portugal prodúcese no ano 1121.
5. Dominio cultural e ideolóxico case completo da Igrexa católica (mosteiros, universidades, seminarios...).

C. Características sociais da lingua na Idade Media

O galego-portugués constitúese en lingua escrita no s. XII. Antes diso levaba décadas de uso exclusivamente oral, usada por todos os estamentos sociais a excepción do relixioso e cultural, nos que aínda primaba o uso do latín. É dicir, que ata o s. XII o galego era a lingua de uso oral da maior parte da poboación, mentres que o latín era a lingua da escrita, a lingua literaria, da administración e dos actos xurídicos.

Pouco a pouco o galego-portugués vaise estendendo de forma que acabou por abranguer os máis diversos ámbitos e sectores:

- a) Documentos privados: testamentos, foros, doazóns, escrituras de compra-venda...
- b) Documentos públicos institucionais: actas, regulamentos dos gremios, ordenanzas dos concellos...
- c) Documentos xurídicos
- d) Documentos eclesiásticos: este é o ámbito en que máis alterna o uso do galego e o uso do latín.
- e) Documentos científicos e didácticos: por exemplo o *Tratado de albeitaría* do s. XV
- f) Documentos historiográficos que abordan a historia universal e peninsular, baseados fundamentalmente en documentos latinos e casteláns.
- g) Documentos literarios (cantigas e prosa literaria): é o grupo máis amplo e o máis destacado tanto pola calidade como polo número de textos. Da importancia da lírica galego-portuguesa dan fe os 2000 textos e os máis de 150 trobadores ou xograres que desenvolveron a súa actividade nesta lingua.

A importancia social do galego-portugués non se aprecia só a través destes datos senón que tamén debemos ter en conta outros feitos como que era lingua propia de reis (Alfonso VI, de quen as crónicas din que cando se enteirou da morte do seu fillo, expresou a súa dor en galego) ou que o Marqués de Santillana na súa *Carta-Prohemio ao condestábel don Pedro de Portugal*, escrita xa no s.XV, aseguraba que o galego-portugués era a lingua normal da escrita de todos os trobadores, calquera que fose a súa orixe.

Así pois, neste periodo (s. XII- mediados do s. XIV) prodúcese una etapa de esplendor. O galego non só é a lingua de uso normal para toda a poboación a nivel oral he escrito senón que é ademais lingua de prestixio na que autores extranxeiros compoñen as súas obras.

D. Diversificación do galego-portugués:

Dende mediados do s.XIV ata finais do s.XV éntrase nunha etapa de decadencia. A separación política de Portugal tivera lugar en 1121 mais non conlevou a separación lingüística e cultural aínda que Galicia queda vinculada ao reino de Castela e León. Non obstante, neste periodo o portugués xa é a lingua oficial dun reino independente mentres que o galego comeza a perder usos na escrita, manténdose practicamente só como lingua oral.

E. Características da lingua na Idade Media:

Os textos medievais escritos en galego-portugués amosan unha sorprendente unidade, independentemente da orixe dos seus autores; esto demostra que esta lingua funcionaba como unha especie de *koiné* literaria. As características máis salientables da lingua son as seguintes:

- FONÉTICA:

- A. Hiatoos ee, oo (debido á perda dunha consoante intervocálica). Ex: LEGERE >leer; DOLORE >door...
- B. Existencia de vogais nasais (mão, bôo...)
- C. Presentaba o seguinte sistema de consoantes sibilantes:

XORDAS		SONORAS	
s- ; -ss-	Sentir ; nosso	-s-	rosa
C+e,i ; Ç	Cela ; braço	z	dizer
x	leixar	g+e,i ; j	Genete; desejar

- MORFOLOXÍA:

- A. Os nomes rematados en -or, -ol, -es e -ante tiñan unha soa forma para os dous xéneros (meu senhor, minha senhor)
- B. As formas do posesivo feminino eran mia (ma, mha), ta, sa.
- C. A 3ª persoa dos perfectos presentaba as terminacións -e/-o /- (disse, disso, fiz)
- D. Verbos da 3ª conjugación latina que pasaron á 2ª (escrever, dizer, viver...)
- E. Participio dos verbos da 2ª conjugación rematados en -udo (palabra perdida)

- SINTAXE:

- A. Emprego de dúas negacións (Nem madre , nem parente non a podían d'aly tirar)

- LÉXICO:

- A. Utilización de provenzalismos. Exs: assaz (abondo, bastante), cobra, trovar...